



Grupo Operativo para a Dixitalización da Cadea de Valor da IXP Ternera Gallega

O futuro da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega está estreitamente ligado ás novas tecnoloxías. A dixitalización ofrece ferramentas esenciais para impulsar unha posición máis competitiva e sostible deste sector no mercado.

Entre 2022-2024, o Grupo Operativo DIXITEGA estivo traballando man a man co sector para desenvolver a **plataforma dixital dixitega.com**. Este espazo integra diversas fontes de datos relevantes para todos os axentes que forman a cadea de valor da IXP.

O obxectivo principal foi achegarlles solucións prácticas e innovadoras que transformen os desafíos en **oportunidades** nun sector estratéxico para o **medio rural** de Galicia.



Socios



Colaboradores



Financiado por:



Descubre
dixitega.com!



En **dixitega.com**, podes acceder en liña, en calquera momento e desde calquera dispositivo con conexión a Internet, a datos útiles para a xestión diaria das explotacións de carne da IXP Ternera Gallega.

Con só un par de clics, terás acceso ao custo actualizado das materias primas, á **evolución de prezos**, á oferta e á tipoloxía de animais dispoñibles para a comercialización, así como a estatísticas de produción e sacrificio.

Os datos técnicos complementábase con información sobre subvencións, lexislación, alertas sanitarias, consumo de carne, eventos ou actividades formativas.



Descubre
dixitega.com!

